

ACTIVIDADES. A ORGANIZACIÓN DA LINGUA

1. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- A linguaxe verbal é o único sistema de comunicación dos seres humanos.
- conxunto de signos lingüísticos que se relacionan entre si mediante unha serie de regras recibe o nome de lingua.
- A lingua galega consta de vinte e seis fonemas.
- A secuencia de sons *aptcr* constitúe unha palabra.
- Paragüeiro é un vocábulo parasintético.
- O enunciado é a unidade mínima da comunicación.

2. Diferencia o **significante** e o **significado** destes vocábulos.

caderno ♦ globo ♦ tesoiras
televisor ♦ alegría

3. Ordena de menor a maior estas unidades lingüísticas e agrúpaas nas disciplinas correspondentes.

cláusula	enunciado	fonema
frase	morfema	oración
palabra	son	texto

4. Le en voz alta as grafías marcadas en negra e define os fonemas que representan. A seguir, consulta o *Dicionario de pronuncia da lingua galega* (<http://ilg.usc.es/pronuncia/>) para escoitar a realización estándar.

pola	terra	xurelo	algunha
ollo	ávrego	chousa	verde

5. Completa o seguinte trabalinguas e repara na pronuncia correcta dos fonemas /j/ e /ʃ/.

Unha pexa, rexa, mexa, salfexa, salfexorda, descontramiñada e xorda, díxolle a outra pexa, rexa, mexa, salfexa, salfexorda descontramiñada e xorda:

“Eu cando era pexa, rexa, mexa, salfexa, salfexorda, descontramiñada e xorda, coidaba os meus pexos...”.

6. Segmenta os morfemas destas palabras e clasifícaaas en simples, derivadas ou compostas.

bailen, hábil, alemán, calquera, tradutoras, imaxinabades, estes, parabrisas, remollar, entristecido.

7. Recoñece as diferentes categorías gramaticais no texto.

Este día,
estas vinte e catro parcelas de silencio,
estas vinte e catro cámaras nupciais
que un vento ferido arrasa,
estas vinte e catro elas de agonía,
estará condenado a ser sempre este día
e eu moradora del,
viaxeira nas salas da colmea.
estará condenado a ser nada máis que este día
pois que nunca,
xa nunca,
será véspera da próxima ocasión en que te ame.
(O noso amor morreu. Sobre unha rúa xacen as asas pálidas dun anxo)

Pilar Pallarés: *Sétima soidade*.

8. Explica se os enunciados embaixo conforman un texto.

- Despois de chegar ao campus, fun ao meu cuarto e desfixen a equipaxe. Nunca souben por que os meus pais compraron aquel coche. Finalmente, metínme na cama e durmín.
- Hai varias ideas que se defenden no libro. A globalización é un dos temas que se tocan.
- Mañá celebramos o aniversario de Román no cinema, así que temos que comprar as entradas hoxe. Poderías acompañarme, por favor?
- Señoritas e señores, moitas grazas por viren. Nesta lexislatura irnos de cu...

9. O enunciado *Ti cantas ben* está expresado na modalidade enunciativa. Poderías transfórmalo nas outras seis modalidades existentes?

10. Coloca os constituíntes das seguintes palabras no lugar adecuado

	LEXEMA	MORFEMA DERIVATIVO	MORFEMA FLEXIVO
casazas			
cortello			
cirurxián			
libraría			
bergantina			
parvadas			
xentalla			
cancioneros			
vendedora			
areal			

11. Clasifica as seguintes palabras segundo posúan sufixo alterativo ou derivativo.
 FERROVIARIO, GARDAMETA, CUARTUCHO, CASIÑA, BETANCEIRO, HOMAZO, MORTAL,
 MOEDEIRO, RAMALLADA, CLARIDADE, AVARENTO

Alterativos	Derivativos

12. Busca o lexema das seguintes palabras e engade o sufixo axeitado en cada caso. Indica a que categoría gramatical pertencen as novas palabras.

	-NZA	-EZA	-IDADE	-IEDADE	-URA	CATEGORÍA GRAMATICAL
solidario						
bravo						
ensinar						
ambiguo						
van						
antigo						
avaro						
sinxelo						
esperar						
amargo						
necio						
tenro						
miúdo						
feble						

13. Busca todas as palabras derivadas que aparecen no seguinte texto. Logo analízaas indicando os seus constituíntes: lexema, prefixos, sufixos.

Hamearis Lucina, o duque de Borgoña, era un home baril ao que lle gustaba acentuar a súa corpulencia levando unha armadura acolchada, e peles no inverno. En vez de espada levaba normalmente unha machada de guerra cun mango con incrustacións de prata, unha clase de arma demasiado pesada para ser manexada por un home pouco robusto.

Os homes que manexaban o transbordador seguían a dirixirlle miradas furtivas e curiosas. Era ben coñecido en todo o Reino e non só na súa rexión nativa de Yammeth Cretch, pero ademais era un individuo con presenza, e irradiaba carisma ademais de forza, características que o axudaran a converterse no aliado máis próximo de Black Hairstreak. Chamaría a atención mesmo aínda que fose completamente descoñecido.

Saltou a terra despreocupadamente apenas o transbordador aproou na illa Imperial. Con atraso, un dos mariñeiros foille axudar, pero recuou. Sabía que se estaban a preguntar por que viaxaba sen séquito, pero era un movemento deliberado. Un home menos afouto precisaría unha hoste de seguidores para impresionar. Nesta ocasión Hamearis ía acompañado por un único criado con capa e carapucha. Pero sabía que dese xeito a súa mensaxe causaría aínda maior impacto.